# MULLERES QUE CONTAN

## HISTORIAS DE MULLERES QUE NON SON DE CONTO, PERO QUE SON DE CONTAR

XIX SALON DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL

Editorial: CEIP San Martiño

# INDICE

A MIÑA TATARAVOA DOMINGA .....2

A MIÑA BISAVOA CALISTA .....4

A MIÑA BISAVOA.....6

A BISAVOA ROSALÍA.....7

A NOSA BISAVOA LOLA.....8

BISAVOA CARMEN BARRAGÁNS CASTRO .....10

CARMEN..... 11

A MIÑA AVOA ANNA.....12

A BISAVOA PILAR.....13

MIÑA TÍA AVOA MELITA.....15

CHICHA.....16

A MIÑA AVOA MARÍA.....16

MARÍA.....19

A MIÑA BISAVOA ROSA.....21

GABRIELA ..... 22

LORENA ..... 23

SALOMÉ..... 24

A VIDA DA MIÑA TÍA ..... 25

# MULLERES QUE CONTAN

*Invitámosvos a coñecer as historias destas mulleres que sen ser de conto, contan moito nas vidas das nenas e nenos participantes nesta XIX edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil.*

*Salcedo, abril de 2018*

# A MIÑA TATARAVOA DOMINGA

A miña tataravoa chamábase Dominga e naceu no ano 1880. Non foi ao colexio porque non era importante nesa época ir ao colexio. Mercaba ovos en Carnota e vendíaos en Muros, e dende Muros levábaos no carreto nun barco que ía a Noia, e alí vendía todo … e así todos os días.

Con todo o diñeiro que gañou, mercou unha casa e unha taberna, pero a taberna tivérona que pechar porque o meu tataravó era moi bebedor.




Iago

# A MIÑA BISAVOA CALISTA

A miña bisavoa Calista nace no ano 1900 nun pobo de Cáceres que se chama Plasenzuela. Foi a terceira de seis irmáns. No pobo non había escola pero grazas á boticaria aprendeu a ler e escribir.

Veu a Pontevedra no ano 1931, casada e con dous fillos, despois aquí naceron dous fillos máis. A viaxe en tren durou tres días e ao entrar en Galicia sorprendeuse ao ver ás mulleres traballando no campo xa que no seu pobo, ao campo só ían os homes.

O seu marido era policía local en Pontevedra. Perdeu a visión dun ollo no seu pobo ao darlle unha mula unha patada. Despois de varias operacións quedouse totalmente cego.

Ditas operacións supuxeron un gasto moi elevado e os meus bisavós necesitaban máis cartos dos que gañaban e é aquí onde empeza a valente fazaña da miña bisavoa Calista que non dubidou en dedicarse ao contrabando, "o extraperlo" para poder pagar as operacións do seu marido e criar aos seus fillos.

Dedicouse a traer produtos desde Portugal a España, produtos que non había e que eran difíciles de encontrar debido á nosa Guerra Civil. Marchaba andando dende Pontevedra, atravesando os montes, e volvía con café, azucre, roupa, leite en po, xabón, etc.

Estas viaxes facíaas dúas veces á semana e, en varias ocasións, detivérona e quitáronlle a mercancía que traía porque estaba prohibida en España.Faleceu no ano 1997, con 96 anos e, a pesar de levar en Pontevedra 66 anos, nunca perdeu o seu acento estremeño.



A viaxe en tren no ano 1931, da miña bisavoa, dende Cáceres ata Pontevedra durou tres días.

Mauro

# A MIÑA BISAVOA

A miña bisavoa naceu en Pontevedra o día 13 de marzo de 1918, mañá cumpliría 100 anos.

Era a maior de tres irmáns, cos que se levaba bastantes anos de diferenza. Ela non puido estudar por dúas razóns. A primeira era que, ao ser a maior, tiña que coidar dos seus irmáns. E a segunda era que os seus pais tiñan un restaurante que se chamaba Calixto e alí tivo que cociñar unha temporada. E por isto era unha gran cociñeira.

Ela tiña un corazón moi fráxil pero, sen dúbida era o corazón máis grande do mundo. E o que sei é que a teño no meu corazón e ela a min.

Sara

# A BISAVOA ROSALÍA

A miña bisavoa Rosalía naceu no ano 1926. Tivo catro fillos e traballou como leiteira.

Ao pouco de casar o marido emigrou a Brasil e ela quedou soa na aldea cos fillos, a sogra enferma e un tío discapacitado.

Como non tiñan cartos, decidiu comprar leite na aldea e vendelo en Pontevedra. Ao principio ía andando cun carriño, despois comprou un carro, e anos máis tarde comprou un camión.

Todos os días se levantaba ás cinco da mañá para recoller o leite en varias aldeas e, despois, repartíao casa por casa en Pontevedra ata as tres da tarde. Ademais, como era a única que ía á cidade, os veciños facíanlle encargos de cousas que non había na aldea.

Mateo

# A NOSA BISAVOA LOLA

Unha das mulleres máis importantes da nosa familia é a nosa bisavoa Lola.Naceu en Salcedo o 27 de maio de 1923. A súa vida foi moi dura porque a súa nai era enferma e  a súa tía, que era a que os coidaba, morrera e non había ninguén  que fixera os traballos. Entonces, era ela a que facía as tarefas diarias: levar aos irmáns pequeniños ao médico, facer a comida, traballar no campo, levar os produtos que obtiña da horta e dos animais a Marín, en compañía da súa irmán maior e seu pai. Cando era máis maior montou ultramarinos e un bar.

Agora vive en Campolongo e ten 94 anos.

Mar

Alba

# BISAVOA CARMEN BARRAGÁNS CASTRO

Naceu o 16 de xuño de 1928 e morreu aos 88 anos. Ata facía pouco descansaba traballando pois ocupaba o seu tempo coidando dos cabuxos, aos que me deixaba darlle de comer cando a visitaba. Gustáballe cultivar legumes, patacas, cebolas … Todo isto nunha granxa que fixo. Nela puxo elementos decorativos coma un cruceiro en cuxa base figura o seu nome popular (Carme a Florisa), unha ampla mesa onde nos sentabamos a falar e a merendar grazas á sombra dunha parra. Botaba de menos o seu traballo, que era vender na Praza da Verdura.

Cando era pequena fixo a Primeira Comuñón e Don Leandro, que era o cura, convidou aos nenos e nenas a pan con chocolate debaixo do claustro. Tampouco foi moito á escola porque tiña que traballar na escola e nas leiras. Só foi uns días á escola de Alba en Toucedo, onde aprendeu a ler e a escribir.

As súas diversións eran bailar en salóns e nas festas. Non ía moito ao cine porque non lle gustaba. Pero si lle gustaba ver as pelis pola televisión. Gustáballe escoitar as cousas pola radio.

Casou co meu bisavó e tiveron catro fillos. Pero quedou viúva ós 39 anos e tivo que facer de pai e nai de catro fillos. Traballaba nas faenas do campo, lavaba a roupa de catro casas da vila e fregaba escaleiras. Non lle faltou fortaleza para sacar adiante á súa familia.

Cando ía a visitala ensinábame as árbores que tiña e deixábame xogar cos cabuxos. Sempre me ofrecía galletas, cacahuetes … e mandábanos para a casa flores, verduras e máis cousas das que plantaba ata que faleceu o 7 de decembro de 2016.

Adrián

# CARMEN

A miña bisavoa Carmen naceu o 24 de xullo do ano 1929.

A miña bisavoa case non estudou porque tivo que axudarlle na casa aos seus pais. Cando tiña dez anos púxose moi enferma. Estivo tanto tempo na cama que, cando mellorou, tiveron que ensinarlle a camiñar outra vez. Foi a primeira vez que tomou tratamento para os nervios. Estivo enferma toda a súa vida, tiña épocas boas e épocas malas.

Ela empezou a traballar moi nova vendendo leite. Ía desde Salcedo a Marín andando e, cos cartos que gañaba, compraba a comida.

Na casa da súa nai non había pratos, comían todos da tarteira. Como ela era moi lenta comendo, sempre quedaba con fame. Entón ela aforrou e comprou uns pratos para repartir as racións e así comer máis tranquila.

Sempre traballou moito, no campo e criando aos seus fillos case ela soa porque o meu avó emigrou a Holanda, Suíza …

Tivo cinco fillos, pero a máis vella morreu cando tiña seis meses.

Eu non a coñecín porque morreu o 13 de outubro do ano 2007 e eu nacín no 2009.

Miña nai cóntame moitas cousas dela, era moi "refraneira" e moi boa.

Di miña nai que me parezo moito a ela fisicamente e que lle gustaba moito o doce … igual que a min!

Noa

# A MIÑA AVOA ANNA

Hoxe vou a falarvos da miña avoa escocesa, que se chamaba Anna. Antes de casarse chamábase Anna Tonner, pero cando se casou chamouse Anna Quinn, porque as mulleres escocesas, ao casarse, cambian de apelido aos dos homes.

Os apelidos Quinn e Tonner son apelidos irlandeses porque os pais da miña avoa, os meus bisavós, son irlandeses e tiveron que emigrar a Escocia porque a xente tiña fame e non tiñan comida.

Naceu en Glasgow, en 1932, e viviu alí toda a súa vida, excepto cando bombardearon a cidade e tivo que irse a unha granxa no campo. Despois dun tempo, ao acabar a guerra, volveu coa súa familia a Glasgow.

Traballou de costureira nunha fábrica. O seu hobby era bailar, ademais era unha gran bailarina de claqué

Quedou viúva cando o seu marido morreu e tivo que coidar de seis fillos.

E como lle encantaba bailar e é tan positiva e é tan positiva, puido superar todos os problemas.

Sei que foi e segue sendo unha gran muller.

Edimburgo
Glasgow
Paisley
Ayr
Reino Unido
Sunderland
Durham
Middlesbrough
North Pennines AONB
Lake District National Park
Yorkshire Dales National Park
North York Moors National Park
York
Leeds
Kingston Upon Hull
Blackpool
Great Britain
Liverpool
Chester
Peak District National Park
Nottingham
Leicester
INGLATERRA
Snowdonia National Park
GALES
Swansea
Cardiff
Bristol
Swindon
Cotswolds AONB
Oxford
Reading
Londre
Isla de Man
IRLANDA DEL NORTE
Belfast
Londonderry
Derry
Letterkenny
Coleraine
Ballymena
Omagh
Enniskillen
Sligo
Ballina (Béal an Átha)
Castlebar
Westport
Cavan
Dundalk
Drogheda
Mullingar
Irlanda
Dublín
Galway
Ennis
Limerick
Carlow
Kilkenny
Clonmel
Waterford
Wexford
Tralee
Dingle
Killarney
Cork
Kinsale

Eddie

# A BISAVOA PILAR

A miña bisavoa Pilar naceu en A Coruña o día 13 de xuño de 1933. A súa nai chamábase Amparo e o seu pai Alejandro.

Cando a miña bis tiña catro anos, a súa nai púxose moi maliña e, como había guerra e non había medicinas, faleceu.

Viviu ata os nove anos con seu pai, ao que uns vándalos mataron na porta da súa casa para roubarlle a carteira. Daquela, a miña bisavoa foise a vivir coa súa tía Aurora, que foi a que a criou.

Cando se fixo mociña gustáballe moito ir aos bailes do Liceo e alí coñeceu ao bisavó Manolo e casáronse cando a bis tiña vinte e cinco anos.

Tivo catro fillos : miña avoa, meu tío Lolo, miña tía Pilar e meu tío Marcelo.

Foi unha muller emprendedora para a súa época porque, mentres o seu marido traballaba por toda España, ela criou aos seus catro fillos e montou unha tenda de ultramarinos que se fixo moi famosa.

Os dous seguen vivindo xuntos na Coruña. A miña bisavoa Pilar, agora ten 85 anos, nove netos dous bisnetos e é moi feliz.

Samuel

# MIÑA TÍA AVOA MELITA

A miña tía Melita  naceu no ano 1940. Ela era a pequena de cinco irmáns. Cando ela naceu, a súa nai, que era a miña bisavoa, morreu no parto e Melita criouse cunha tía.

Cando se fixo moza namorouse e casouse cun mozo de Bueu que é o meu tío Manolo. Tiveron dous fillos: Socorro e Manolo, os meus curmáns.

Melita traballou moitos anos na fábrica de conservas de Massó de Bueu, donde agora está o Museo do Mar. Incluso hai alí fotografías da miña avoa facendo conservas.

Ademais de traballar na fábrica estaba ao cargo da casa, dos fillos e da sogra que estaba enferma.

Cando pasaron os anos, a miña tía foi a traballar a Suíza xunto ao meu tío, e regresaban no verán cargados de regalos e, por suposto,  de chocolate.

En Suíza tivo varios  traballos e así pasaron bastantes anos, ata que chegou a idade de xubilación e regresaron a vivir a Bueu.

Agora vive tranquilamente en Bueu, descansa e ata moito o merece por haber traballado tanto.

E para acabar, unha cousa moi importante da súa vida é cando lle fixeron unha homenaxe pola muller traballadora.

Javi

# CHICHA

Esta é a historia dunha das persoas máis importantes da miña vida, a miña avoa Chicha.

Ela naceu en Pontevedra o día 12 de outubro de 1942. Casou co meu avó Mario cando tiñan 20 anos.

O meu avó era electricista e Chicha traballou uns anos nunha fábrica de queixos. Despois deixou o traballo cando estaba embarazada da primeira filla, Pili. Despois tivo seis fillos máis, en realidade cinco porque un non chegou a nacer. Os seus fillos chámanse Pili, Mario, Soledad, María, Ana e César.

Traballou moito na casa coidando dos fillos , e tamén no campo cos animais. A miña avoa tiña porcos, galiñas, ovellas, vacas, coellos …

Cando a miña avoa xa tiña 45 anos e a miña nai catorce, morreu o meu avó. Foi un dos momentos máis duros para a miña avoa.

E como morreu o pai da miña nai?

Era o ano 1987. O meu avó ía no coche sen o cinto. De repente chocou e deuse un golpe nos pulmóns co volante. Deseguida veu a xente e chamou á ambulancia que o levou ao hospital rapidamente. Poucos minutos despois de chegar ao hospital morreu. O golpe era moi grande.

A miña avoa, valente,parou de chorar e foi a traballar. Tiña que gañar diñeiro, e con ese diñeiro alimentar aos fillos.

Ela loitou e loitou e foi tan valente que o conseguiu. Cando xa os fillos se fixeron maiores, estudaron tanto que agora teñen a súa recompensa.

Uxía

# A MIÑA AVOA MARÍA

A miña avoa materna chámase María. Naceu o día 24 de xaneiro do ano 1949 na Laxe. Cando tiña 18 meses a súa nai morreu, o seu pai foi traballar a Alemaña e, mentres, a miña avoa criouse coa miña bisavoa.

Miña avoa foi á escola que había no seu pobo. Con 18 anoa casouse co meu avó José. Ela viviu sempre no campo, despois, ao casarse, puxo unha tenda de todo tipo de cousas: alimentación, pensos … ao mesmo tempo dedicouse ao campo. Ao mesmo tempo dedicouse ao campo.

Ela ten unha explotación gandeira. Cada mañá levántase moi cedo e vai á nave onde están as vacas. Tamén ten vacas no monte, onde están todo o ano. Cada tarde lévalle de comer ás vacas, que así é a maneira de telas controladas. Sementa patacas, millo, tomates, leitugas … Este é o traballo de cada día da miña avoa, que, ademais de traballar coas vacas e no campo, tamén fai cousas na casa.



María

# MARÍA

Miña avoa María naceu o día seis de marzo de 1949 en Ponteareas.

Foi a terceira de oito irmáns, que aínda que parezan moitos, daquela era moi normal. Foi ao colexio público dende os once anos ata os catorce. E preguntarédesvos por que non foi antes. A resposta é que tivo que quedar na casa coidando dos seus irmáns pequenos, das ovellas e das vacas.

Aos catorce foise a traballar a Ourense no servizo doméstico, que é como se chama ás persoas que fan a comida, limpan e coidan ós fillos dos demais.

E así estivo algúns anos máis ata que, aos dezanove, casou co meu avó José. Tiveron sete fillos, tiveron sete fillos, dos cales dous morreron sendo moi pequenos, o que lle afectou moito á miña avoa.

Estivo moitos anos coidando da súa familia, ata que decidiu traballar fóra da casa nunha tenda de froitas, polo que foi moi criticada. Pero a ela non lle importaron as faladurías e púxose a traballar para gañar os cartos necesarios e darlles aos seus fillos unha vida mellor.

Pero aínda hoxe, xa xubilada, segue traballando, coidando da miña prima, do meu avó e de calquera que vai a xantar á súa casa. E todo iso, cun sorriso.

A miña avoa María cando era pequena.




Sabela

# A MIÑA BISAVOA ROSA

Rosa é a miña bisavoa materna e foi unha loitadora na época de Franco.

A miña bisavoa emigrou a Francia a mediados do século XX. Alí formou a súa familia e traballou toda a súa vida xa que en España as cousas estaban moi difíciles.

A finais dos anos 70 regresou a España e encontrouse con moitos cambios na política, na sociedade e na economía.

Entón tivo que loitar moito para conseguir a súa pensión despois de toda unha vida de traballo. Aprendeu moitos trámites administrativos e así puido conseguir a súa pensión francesa.

Moita xente que estaba vivindo unha situación semellante pedíalle axuda.

Ela aconsellaba a todo o mundo, e foi así como a xente lle estaría agradecida para sempre.

Gisèle

# GABRIELA

A miña nai chámase Gabriela e dende pequena gustoulle a arte, en especial a pintura. Foi a clases de ballet e de guitarra. Cando se fixo maior foi á universidade e graduouse en Belas Artes. Tamén traballou varios anos como profesora de plástica. Actualmente fai tatuaxes e gústalle moito practicar deporte e cociñar.

E sempre que a miro, recordo que ela me quere moito e eu tamén a quero moito.

Luana

# LORENA

A miña nai naceu no ano 1974 en Valencia e viviu alí cos seus pais e irmás. Sempre estaba relacionada con xente doutros países por parte da miña avoa: Francia, Alemaña, Italia e Marrocos. A miña nai é moi estudosa. Estudou a carreira de dereito, é avogada, e tamén fixo parte da carreira de arte. Estivo preparando oposicións a xudicatura e fiscalía, pero abandonounas porque o que realmente lle gusta é a educación emocional. Tamén é mediadora e certificada a nivel internacional en Life Coaching.

A miña nai gústalle moito a música, cando era máis nova tocaba o violín, primeiro nun conxunto instrumental, e logo nunha orquestra de cámara. Tamén practicou artes marciais: Tai Chi Chuan, da esc en <alencisola Yang de Antoine Ly París , pero en Valencia.

No ano 2009 nacín eu en Valencia, e no anos 2011 mudámonos a Pontevedra onde vivimos dende entonces.

Nuria

# SALOMÉ

A miña nai chámase Salomé. Naceu en 1968. Cando era pequena xogaba debaixo da parra que plantara o meu tataravó no século XIX, pero nunca pensou en dedicarse a nada que tivera que ver co viño.

Estudou dereito xa que quería ser avogada, e ese é o seu traballo. Foi a primeira muller da familia en ter título universitario.

Fai algo máis de dez anos, no seu pobo, un grupo de xente empezou a falar de facer unha adega no pobo. Ela non dubidou en meterse no proxecto e, xunto con dez socios (todos homes) fixeron a adega. En 2006 foi a inauguración.

E sabedes quen é a presidenta? A miña nai!

Non hai que buscar lonxe para atopar mulleres que fan cousas importantes.



Mariño

# A VIDA DA MIÑA TÍA

A miña tía Habiba era unha muller amable. Cando ía a Marrocos comprábame moitas cousas e levábame a xogar. Era unha profesora moi feliz no seu traballo e cos seus alumnos, e os seus alumnos tamén eran moi felices con ela.

De repente púxose enferma e nada volveu a ser como antes. Estivo enferma durante dous anos. Despois morreu e non estabamos con ela.

Nour